

**ANUNCIO NO TABOLEIRO DE EDICTOS DO CONCELLO E NA PÁXINA  
WEB [www.paradela.es](http://www.paradela.es)**

Por resolución da Alcaldía do día 3 de maio de 2024, aprobouse definitivamente a lista de admitidos e excluídos da convocatoria relativa á contratación no Concello de Paradela, en réxime de persoal laboral temporal, de 1 posto de Peón, a designación de membros do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a valoración de méritos, do teor literal seguinte:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA POLA QUE SE APROBA A LISTA  
DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E NOMEAMENTO DO  
TRIBUNAL**

Enviado o sondaio do Servizo Público de Emprego-Oficina de Sarria, oferta nº 12-2024-3886, en relación ao 1 posto de Peón.

De conformidade coas bases da convocatoria, aprobadas xunto coa convocatoria en resolución da Alcaldía do 29 de abril de 2024, e en virtude do artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, e do artigo 21.1g), da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local,

**RESOLVO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a seguinte relación de aspirantes admitidos e excluídos, dos candidatos presentados e que participan no proceso de selección, que cumpren cos requisitos das bases da convocatoria de 1 posto de Peón.

**RELACIÓN DE ASPIRANTES**

**ADMITIDOS:**

**JESÚS LOSADA LÓPEZ**

**JOSÉ MIGUEL MARIÑO CASTRO**



—EXCLUÍDOS:

Ningún.

**SEGUNDO.** Neste suposto que non é obxecto de exclusión de candidatos, nin é necesario o trámite de emenda polos candidatos que participan no proceso de selección, do que a documentación presentada é correcta, e de acordo co establecido na cláusula quinta das bases que regulan este proceso de selección, ditarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, publicándose a relación definitiva de admitidos no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es)

**TERCEIRO.** Visto o establecido na cláusula quinta e sexta das bases que regulan este proceso de selección, procedese a designar como membros do tribunal cualificador:

— Presidente: D. Juan Carlos Abella López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo)

— Suplente: D. José López González, Empregado público do Concello de Touro (a Coruña).

— 1º Vogal: D. José Luis Rodríguez López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D<sup>a</sup>. Concepción González Crespo. Empregada pública do Concello de Mondoñedo (Lugo).

— 2º Vogal: D. Manuel Piñeiro López, Empregado público do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D. Ana Candame Areosa, Empregada pública do Concello de Brion (A Coruña).

— 3º Vogal: D<sup>a</sup>. Maria Isabel López Fernández, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D<sup>a</sup>. Antia Pena Dorado, Empregada pública do Concello de Ponteceso (A Coruña).



— Secretaria: D<sup>a</sup>. Ruth López-Mosquera García, Empregada pública do Concello de Paradela (Lugo).

— Suplente: D<sup>a</sup>. Maria Cristina González Santín, Empregada pública do Concello de Monforte de Lemos (Lugo).

**CUARTO.** O acto de valoración de méritos, do sistema de concurso, realizarase o vindeiro día 8 de maio de 2024, as 09:00 horas, notifíquese a presente resolución aos membros designados para o seu coñecemento.

**QUINTO.** Publicar no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web a lista definitiva dos aspirantes admitidos e excluídos, para os efectos oportunos, así como a designación do tribunal e a data de constitución do Tribunal para a valoración de méritos.

E para que conste aos efectos oportunos, expido a presente, de orde e co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.

A alcaldesa,

A secretaria,

Asdo.: Maria Montserrat Mulet Sar

Asdo.: Ruth López-Mosquera García

Documento asinado ao marxe electronicamente”

Isto faise público, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria do proceso de selección e no artigo 20 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web [www.paradela.es](http://www.paradela.es), ante a alcaldesa do Concello de Paradela, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administración públicas, ou un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web



www.paradela.es, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

**En Paradela na data da sinatura electrónica ao marxe.**

**A alcaldesa,**

**Documento asinado ao marxe electronicamente**

